



1. A EMIGRACIÓN EN CUBA E A SÚA INTERRELACIÓN CON GALICIA

María Baleato González

Subdirectora xeral de Coordinación Administrativa, Económica e de Programas Sociais
Secretaría Xeral da Emigración

Ser emigrante sempre é difícil: deixar atrás a túa familia, o mundo que coñeces e as cousas que queres... para iniciar unha nova vida lonxe de todo. Se a todas estas dificultades engádeslle o feito de ser muller, nun mundo onde as posibilidades que se che ofrecen son moi poucas, e onde vas ser, unha e outra vez, desprazada só por unha condición de xénero, é de recibo dicir que a figura de Andrea López Chao é digna de destacar.

O labor desenvolvido por persoas como Andrea López Chao foi esencial para que as 47.000 persoas que conforman hoxe en día a colectividade galega de Cuba conten con fondas raíces que faciliten que as novas xeracións sigan a sentir Galicia e a súa cultura como propia. Esta illa do Caribe é o terceiro país do mundo con maior colectividade galega, a gran maioría xa nados alí: fillos, netos e bisnetos que levan no sangue a comunidade galega, impregnada por aqueles que marcharon hai case un século de Galicia e que nunca a esqueceron. As novas xeracións séntense tan galegas como os seus devanceiros, e é precisamente esa particularidade a que fai de Cuba un país tan especial para Galicia.

López Chao contribuíu a conformar o amor pola terra e o sentimento de pertenza a unha comunidade. E a maiores, loitou porque as mulleres desa colectividade puideran ser, á un tempo, donas do seu propio destino. A loita polo sufraxio universal, pola consecución dos deberes e dereitos de todos os cidadáns, a protección da infancia e a loita pola educación dos nenos e nenas, foron as claves da vida desta profesora que chegou ser un referente esencial da sociedade galega na Habana, demostrando así que un forxa o seu propio camiño con carraxe, esforzo e sacrificio, algo que nos identifica como pobo alá onde imos.